

5 | SEGUIMENTO DO PEG 2010-2014

5.1 DEBATE DO PEG 2010-2014 NO DIALOGO SOCIAL E NO PARLAMENTO DE GALICIA.

5.1.1 Debate do PEG no Diálogo Social

A) O DIÁLOGO SOCIAL E O PEG 2010-2014

O diálogo social que se está a desenvolver en Galicia caracterízase por ser un proceso de concertación social tripartito no que participan a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia e os sindicatos UGT – Galicia e S.N. de CC.OO. de Galicia e no que se están a traballar a prol do desenvolvemento social e económico da nosa comunidade autónoma.

Neste proceso constituíronse catro mesas de traballo, a Mesa 1 de Emprego e relacións laborais, a Mesa 2 de Competitividade e innovación, a Mesa 3 de Infraestruturas e desenvolvemento sustentable e a Mesa 4 de Políticas de benestar e cohesión social, que xunto con distintos grupos de traballo e mesas sectoriais están a obter acordos re-

lacionados coas súas distintas áreas temáticas. As mesas de traballo traballan de forma autónoma, negociando e asinando acordos de propostas e medidas dun xeito dinámico, que posteriormente son elevados á Mesa de Coordinación do Diálogo Social.

Unha primeira serie de acordos que xurdiron do traballo das distintas mesas foron ratificados o pasado 24 de maio pola Mesa de Coordinación do Diálogo Social, un segundo grupo de preacordos están finalizados ou a piques de completarse nas mesas de traballo e están pendentes de elevación á dita Mesa de Coordinación e, por outra banda, xa se está contemplando a creación de submesas e grupos de traballo relativas ás temáticas pendentes de diálogo e acordo.

O “Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014: Horizonte 2020” da Xunta de Galicia recolle a definición dun novo modelo socioeco-

nómico para Galicia no horizonte 2020 da Unión Europea a través de cinco eixos estratéxicos

Eixo 1.- Cohesión social, benestar e calidade de vida.

Eixo 2.- Dinamización económica, crecemento e emprego.

Eixo 3.- Economía do coñecemento.

Eixo 4.- Sustentabilidade medioambiental e equilibrio territorial.

Eixo 5.- Administración austeras, eficiente e próxima ao cidadán.

Estes eixos, á súa vez, abranguen distintos obxectivos estratéxicos. Todas as temáticas que se acordou abordar no Diálogo Social teñen unha correspondencia no Plan Estratéxico tal como figura no apartado 4.4.c do Plan.

O Diálogo Social, como estrutura de concertación social, debe contemplarse como un provedor e facilitador de acordos e liñas de actuación a incorporar ao propio Plan Estratéxico de Galicia, recollendo o seu carácter de documento vivo. O Diálogo Social conta coa participación da Xunta de Galicia a través das Consellerías implicadas en cada unha das temáticas que se abordan, que á súa vez teñen unha correspondencia no Plan Estratéxico, e, en consecuencia, os seus acordos incorpóranse dun xeito natural ao Plan.

Para a incorporación e aliñamento do desenvolvemento no Plan Estratéxico de

Galicia dos acordos do Diálogo Social, a Mesa de Coordinación comunicará a Consellería de Facenda o estado do seu avance, para así:

1. Incorporar os acordos xa tomados nos correspondentes obxectivos estratéxicos ou plans e programas, incluíndo, no seu caso, as propostas concretas de actuación con obxectivos, indicadores e dotacións orzamentarias.
2. Actualizar os obxectivos estratéxicos, plans e programas en sintonía cos avances e modificacións introducidas no seo do Diálogo Social.
3. Contemplar os acordos que se materializarán, deixando abertos os obxectivos aos resultados dos acordos que se están a debater en cada mesa de traballo do Diálogo Social.

Nesta liña, a Xunta de Galicia comprométese a levar ás distintas Mesas de traballo do Diálogo Social aqueles planes, programas ou actuacións previstas no Plan Estratéxico que non figuran entre as temáticas que se acordou abordar no Diálogo Social.

B) ESTADO DOS ACORDOS DO DIALOGO SOCIAL NO PLAN ESTRATÉGICO DE GALICIA A DATA 15 DE XUÑO DE 2010

Os acordos do Diálogo Social en Galicia estanse acadando dunha forma dinámica. O pasado 24 de maio, a mesa de coordinación ratificou e decidiu elevar á Mesa Xeral os seguintes preacordos:

1. Preacordos relativos ás políticas activas de emprego:

- Preacordo relativo a fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade.
- Preacordo relativo ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

2. Preacordos relativos á mellora da competitividade empresarial: Propostas de mellora da xestión e da área de financiamento do IGAPE.

- Preacordos en materia de internacionalización e captación de investimento estranxeiro.

3. Preacordos relativos ao sector téxtil: Proxecto EmpregaTex

4. Preacordos relativos ao benestar e á cohesión social:

- Bases para a elaboración da Lei Galega de Inclusión Social.
- Borrador de proxecto polo que se desenvolve a lei I 3/2008 de servizos sociais no relativo ao Consello Galego de Benestar Social.
- Borrador do proxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento da mesa galega de Servizos Sociais.

Por outra banda, estanse a punto de asinar ou nas últimas fases de diálogo e negociación os seguintes preacordos:

- Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.

- Preacordo en materia de formación para o emprego

- Propostas en materia de modernización e innovación tecnolóxica e racionalización e simplificación de cargas administrativas

- Propostas en materia de I+D+i

- Propostas sobre o Plan de Ordenación do Litoral


Finalmente, vanse constituir distintas submesas e grupos de traballo que se encargarán das temáticas pendentes de abordar no Diálogo Social.

Os resultados do Diálogo Social, vense reflectidos nos distintos Eixes do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014.

5.1.2 Debate do Plan estratéxico no Parlamento de Galicia

O plan estratéxico envíase ao Parlamento de Galicia para o seu debate. As súas conclusións incorporaranse ao documento.


5.2 SISTEMA DE SEGUIMIENTO DO PEG 2010-2014 POR INDICADORES



A) SISTEMA DE INDICADORES

O establecemento dun sistema de indicadores ten por obxectivo facilitar o seguimento e avaliación do Plan estratéxico 2010-2014, coa finalidade de determinar o grao en que se van alcanzando os obxectivos estratéxicos previstos a partir das intervencións realizadas dende os programas de gasto.

Neste sentido, a estrutura e características do sistema de indicadores establecido responde ás necesidades propias do plan estratéxico. O obxectivo é, polo tanto, establecer un sistema de indicadores de calidade, cun número suficiente, que faga sinxelo a súa xestión e concibidos para que poidan ser utilizados sen dificultade.




Dentro dos Indicadores hai que distinguir entre os Indicadores asociados as 600 actuacións que figuran no Catálogo de Eixes, Obxectivos Estratéxicos, Medidas, Actuacións e Indicadores do Plan Estratéxico 2010-2014 Horizonte 2020. Estes Indicadores tratan de reflexar os efectos derivados da planificación. Dentro destes pódese distinguir:

- **Indicadores estratéxicos:** baseados fundamentalmente en fontes de datos directas procedentes de estatísticas oficiais, poden considerarse como un subconxunto dos indicadores de contexto que se empregarán para medir a evolución do contexto respecto das metas establecidas no Plan Estratéxico Galicia 2010-2014.
- **Indicadores Operativos:** baseados fundamentalmente en fontes de datos indirectas proporcionadas polos órganos xestores, constitúense como indicadores de realización, consecuencia directa da execución das actuacións

recollidas no Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, permitindo por tanto o análise do seu grao de realización.

- **Indicadores de avaliación:** baseados tanto en fontes de datos directas como indirectas, elabóranse para medir os resultados e o impacto do Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, permitindo tanto a análise entre as actuacións realizadas e os avances estratéxicos como o establecemento de metas, pechando deste xeito a relación causa-efecto da planificación.

E os Indicadores de Contexto que proporcionan información cuantitativa sobre o entorno socioeconómico e permite identificar necesidades en termos cuantitativos. Dentro dos Indicadores de Contexto se pode distinguir, á súa vez, entre Indicadores Sintéticos de Cohesión Territorial e dos Territorios e Indicadores Sintéticos do Ámbito Socio-económico, estes Indicadores presentan a particularidade de que a súa cuantificación obtense a partir de fontes oficiais.



E, ademais, a Xunta de Galicia establece unha serie de Indicadores Prioritarios en materia de **Creceamento, Coñecemento e Sostibilidade** establecendo unha senda sobre a súa evolución. Estes Indicadores son os seguintes:

OBXECTIVO GLOBAL	Actual	2014	2020
CRECEMENTO			
PIB per cápita Galicia Vs. da media UE-27	90%	95%	100%
Poboación empregada entre 20 e 64 anos	63%	>65%	>75%
Grao de apertura da economía	125%	135%	145%
COÑECEMENTO			
Redución do fracaso escolar	26%	<20%	<10%
Porcentaxe da poboación entre 30 e 34 anos con titulación en ensino superior	41%	>45%	50%
Emprego TIC fogares e empresas	42,3%	>55%	>75%
Investimento público e privado en I+D+i	1%	>1,5%	>3%
Incremento patentes rexistradas	176	200	280
SOSTIBILIDADE			
Consumo de electricidade procedente de fontes renovables	61,3%	95%	100%
Producción enerxías renovables s/consumo total en Galicia	13,8%	20%	30%

**B) INDICADORES DE
CONTEXTO: INDICADORES
SINTÉTICOS DO ÁMBITO
SOCIO-ECONÓMICO**

Neste apartado defínense os indicadores socio-económicos que se empregarán para a análise do contexto social e económico no que se realizará a avaliación do plan estratéxico. E son os seguintes:

a. Indicadores sociais

- i. Incidencia da pobreza
- ii. Desigualdade da renda
- iii. Desemprego de longa duración
- iv. Incidencia infantil do desemprego
- v. Incidencia do desemprego en adultos
- vi. Abandono escolar
- vii. Nivel educativo

b. Indicadores económicos

- i. Produto interior bruto en termos correntes e reais
- ii. Emprego
- iii. Produtividade
- iv. Custe laboral
- v. Formación bruta de capital
- vi. Consumo
- vii. Sector exterior
- viii. Prezos
- ix. Investigación e desenvolvemento
- x. Enerxía
- xi. Ambiente

INDICADORES SOCIAIS

Conxunto de variables seleccionadas cuxos valores pretenden describir algunhas características importantes da sociedade galega actual que complementen a perspectiva da contabilidade económica.

Indicador	Galicia	España	UE27	Ano referencia	Fonte
Taxa de risco de pobreza	14,4	20,0	17,0	2007/2008	IGE/ECV -EUROSTAT/SILC
Desigualdad da distribución da renda. S80/S20	4,0	5,4	5,0	2007/2008	IGE/ECV -EUROSTAT/SILC
Taxa de desemprego de longa duración	3,7	4,3	3,0	2009	IGE-INE/EPA -EUROSTAT/FLS
Nenos (0 17 anos) que viven en fogares sen ocupados	7,6	9,9	10,2	2009	IGE-INE/EPA -EUROSTAT/FLS
Adultos (18 59 anos) que viven en fogares sen ocupados	9,1	10,8	10,1	2009	IGE-INE/EPA -EUROSTAT/FLS
Abandono prematuro do ensino	24,1	31,9	14,9	2008	IGE-INE/EPA -EUROSTAT/FLS
Persoas con baixos niveis educativos	51,9	48,9	31,3	2009	IGE-INE/EPA -EUROSTAT/FLS



INCIDENCIA DA POBREZA

Indicador: Taxa de risco de pobreza.

Definición: Porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/ECV - EUROSTAT/SILC.

DESIGUALDADE DA RENDA

Indicador: Desigualdade da distribución da renda. S80/S20.

Definición: Ratio da renda percibida polo 20% da poboación con maiores ingresos respecto ao percibidos pola 20% da poboación con menores ingresos.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/ECV - EUROSTAT/SILC.

DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓN

Indicador: Taxa de desemprego de longa duración.

Definición: Porcentaxe da poboación activa que estivo desempregada polo menos 12 meses.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

INCIDENCIA INFANTIL DO DESEMPREGO

Indicador: Nenos (0-17 anos) que viven en fogares sen ocupados.

Definición: Porcentaxe de nenos (0-17 anos) que viven en fogares nos que non traballa ninguén

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

INCIDENCIA DO DESEMPREGO EN ADULTOS

Indicador: Adultos (18-59 anos) que viven en fogares sen ocupados.

Definición: Porcentaxe de adultos (18-59 anos) que viven en fogares nos que non traballa ninguén

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

ABANDONO ESCOLAR

Indicador: Abandono prematuro do ensino.

Definición: Porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non segue estudos nin formación e cuxo nivel de estudos non sobrepasa a educación secundaria inferior.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

NIVEL EDUCATIVO

Indicador: Persoas con baixos niveis educativos.

Definición: Adultos de entre 15 e 74 anos que soamente completaron o primeiro ciclo de ensino secundario.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

INDICADORES ECONÓMICOS

Indicadores que pretenden medir as características económicas de Galicia permitindo a súa comparación no ámbito nacional e internacional.

Indicador	Galicia	España	UE27	Ano referencia	Fonte
PIB pc PPS	89,3	102,3	100	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Crecedemento real do PIB	-3,0	-3,6	-4,2	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Taxa de emprego	63,1	59,8	64,6	2009	IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS
Produtividade	94,8	109,6	100	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Coste laboral unitario real	2,7	0,1	2,7	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Formación bruta de capital fixo	34,8	24,4	19,1	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Gasto en consumo final	81,1	77,2	80,6	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Taxa de cobertura	-15,9	-2,1	1,0	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Taxa de apertura	125,5	49,4	72,0	2009	IGE/Contas - EUROSTAT/Regional accounts
Competitividade exterior	103,5	104,8	--	2009	IGE/lcompetitividade - MEH
Índice de prezos de consumo	-1,5	-1,2	--	2009	INE/IPC - EUROSTAT/HIPC
Gasto en I+D	1,04	1,35	1,90	2008	INE/I+D-EUROSTAT
Gasto en I+D empresarial	48,1	55,1			INE
Fontes de enerxía renovables	61,3	16,7	20,6	2008	INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT
Emisións de gas efecto invernadero		142,3	88,7	2008	INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT
Intensidade enerxética	165,49	184,19	169,39	2008	INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT

PRODUTO INTERIOR BRUTO EN TERMOS CORRENTES E REAIS

Indicador: PIB pc PPS.

Definición: Produto interior bruto en paridades de poder de compra (PPS) (UE27=100).

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

Indicador: Crecemento real do PIB.

Definición: Taxa de variación anual do PIB medido en termos de volume.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

EMPREGO

Indicador: Taxa de emprego.

Definición: Número de ocupados no grupo de idade 16-64 anos dividido entre a poboación dese grupo de idade.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE-INE/EPA - EUROSTAT/FLS.

PRODUTIVIDADE

Indicador: Produtividade.

Definición: PIB en PPS por traballador (persoas) (UE27=100).

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

CUSTE LABORAL

Indicador: Custe laboral unitario real.

Definición: Variación anual do custe laboral unitario (Remuneración por asalariado entre unidade de produto).

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL

Indicador: Formación bruta de capital fixo.

Definición: Peso da formación bruta de capital fixo no PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

CONSUMO

Gasto en consumo final.

Definición: Peso do Gasto en consumo final no PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

SECTOR EXTERIOR

Indicador: Taxa de cobertura.

Definición: Saldo exterior dos intercambios de bens e servizos en relación ao PIB (X-M)/PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

Indicador: Taxa de apertura.

Definición: Peso do comercio exterior no PIB (X+M)/PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/Contas económicas - EUROSTAT/Regional accounts.

Indicador: Competitividade exterior.

Definición: Índice de competitividade do comercio exterior de Galicia fronte á UE-27 (Índice 2005=100).

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: IGE/lcompetitividade - MEH.

PREZOS

Indicador: Índice de prezos de consumo.

Definición: Diferencial de crecemento dos prezos de consumo respecto á media da UE-27.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INE/IPC - EUROSTAT/HIPC.

INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Indicador: Gasto en I+D.

Definición: Gasto en I+D en relación al PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INE/I+D-EUROSTAT.

Indicador: Gasto en I+D empresarial.

Definición: Porcentaxe do gasto en I+D das empresas sobre o total de gasto en I+D.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INE.

ENERXÍA

Indicador: Fontes de enerxía renovables.

Definición: Porcentaxe do consumo electricidade en Galicia procedente fontes renovables.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT.

Indicador: Intensidade enerxética.

Definición: Consumo interior de enerxía respecto ao PIB.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT.

AMBIENTE

Indicador: Emisións de gas efecto invernadero.

Definición: Índice de emisións de gases efecto invernadoiro respecto ao ano base.

Desagregación xeográfica: Galicia, España e UE-27.

Fonte: INEGA/Balance enerxético - EUROSTAT.



INDICADORES SINTÉTICOS DE COHESIÓN TERRITORIAL E DOS TERRITORIOS

Neste apartado defínense os indicadores de cohesión territorial que se empregarán na análise do contexto e avaliación do plan estratéxico. Os indicadores de cohesión territorial pretenden medir por unha banda tanto as semellanzas-diverxencias no ámbito social, económico e/ou ambiental entre os diferentes territorios que configuran Galicia (cohesión intra-territorial) como a similitude de Galicia coas rexións limítrofes; e por outra, reflicten o grao de conexión/enlace de Galicia co resto de territorios (cohesión inter-territorial).

Nesta última acepción non só se inclúen as habituais infraestruturas como son as estradas e ferrocarrís que permiten unha conexión física entre territorios, senón que se mide o grao de desenvolvemento das novas tecnoloxías que permiten tanto o intercambio de información coma o uso de diferentes servizos a distancia a través da internet.

Segundo isto, os indicadores se poden clasificar nas seguintes dimensións:

- a. Desenvolvemento interno
 - i. Desigualdade de renda intrarrexional (dentro de Galicia)
 - ii. Concentración da renda intrarrexional (índice de Gini)
 - iii. Densidade de poboación
- b. Desenvolvemento comparado co ámbito suprarrexional
 - iv. Desenvolvemento comparado coas NUTS 2 limítrofes no ámbito europeo
 - v. Desenvolvemento comparado coas NUTS 2 limítrofes no ámbito estatal
- c. Conectividade
 - vi. Acceso aos servizos
 - vii. Ferrocarrís
 - viii. Estradas
- d. TIC
 - ix. Acceso a internet dos cidadáns
 - x. Acceso a internet das empresas
 - xi. Recursos destinados a I+D

DESENVOLVEMENTO INTERNO

Os indicadores desta dimensión pretenden medir as diferenzas (económicas e sociais) entre as zonas/rexións de Galicia. Estuda-

ránse as diferenzas entre territorios empregando as áreas, relacionadas no “detalle de áreas”, ao final do apartado.

INGRESO MENSUAL MEDIO E MEDIANO POR FOGAR. DENSIDADE DE POBOACIÓN.

Territorio	Áreas	2007 ECV			2009 PMH		
		Ingreso mensual por fogar		Índice de GINI	Superficie	Poboación 01/01/2009	Densidade hab/km ²
		Ingreso medio	Ingreso mediano				
Galicia		2026	1750	0,275	29.574,4	2.796.089	94,5
A Coruña		2131	1867	0,271	7.950,4	1.145.488	144,1
	A Barbanza Noia	1957	1800		571,9	103.997	181,8
	A Coruña suroriental	1757	1575		1.606,9	69.977	43,5
	Área da Coruña	2287	1995		1.146,8	433.067	377,6
	Área da Costa da morte	1837	1645		1.990,9	144.131	72,4
	Área de Santiago	2455	2204		1.079,9	189.379	175,4
	Ferrol Eume Ortegal	1926	1629		1.553,9	204.937	131,9
Lugo		1927	1622	0,276	9.856,1	355.195	36,0
	A Mariña	2037	1750		1.395,5	75.896	54,4
	Lugo central	1955	1651		3.915,2	181.040	46,2
	Lugo oriental	1869	1400		2.564,4	43.274	16,9
	Lugo sur	1749	1429		1.980,6	54.985	27,8
Ourense		1752	1400	0,286	7.273,4	335.642	46,1
	Área de Ourense	2002	1633		623,1	145.424	233,4
	O Carballiño O Ribeiro	1534	1200		959,4	48.941	51,0
	Ourense central	1748	1367		2.096,2	52.419	25,0
	Ourense sur	1507	1200		3.594,5	88.858	24,7
Pontevedra		2049	1840	0,272	4.494,5	959.764	213,5
	Área de Pontevedra	2209	2050		624,0	123.135	197,3
	Área de Vigo	2128	1905		613,4	423.713	690,8
	Caldas O Salnés	2065	1936		563,8	146.298	259,5
	O Morrazo	1911	1733		140,7	83.062	590,3
	Pontevedra nororiental	1860	1699		1.555,7	73.430	47,2
	Pontevedra sur	1488 1791			997,0	110.126	110,5

Euros. hab/Km². Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Módulo Xeral

DENSIDADE DE POBOACIÓN

TERRITORIO	ÁREAS	2005	2006	2007	2008	2009
Galicia		93,4	93,6	93,7	94,1	94,5
A Coruña		141,7	142	142,5	143,3	144,1
	1501 Arzúa	38,1	37,7	37,3	36,9	36,5
	1502 Barbanza	270,8	270,9	272,3	274,2	275,7
	1503 A Barcala	53,1	52,2	52,2	52,1	53,3
	1504 Bergantiños	94,7	94,4	94	94,4	94,6
	1505 Betanzos	58	57,9	58	58,3	58,5
	1506 A Coruña	804,4	811	818,7	828,6	837,5
	1507 Eume	51,5	51,2	50,7	50,2	50
	1508 Ferrol	262,5	262,2	261,3	261,7	261,9
	1509 Fisterra	71,7	71,1	70,6	70,3	70,1
	1510 Muros	106	105,1	103,9	102,8	102,4
	1511 Noia	111,9	111,6	111,2	110,6	110,6
	1512 Ordes	50,9	50,8	50,9	51,2	51,5
	1513 Ortegal	40,4	39,2	38,9	38,1	37,6
	1514 Santiago	221,7	224,6	227,5	230,4	233,5
	1515 O Sar	97,6	97,1	96,5	96,2	95,8
	1516 Terra de Melide	37,7	37,6	37,3	36,9	36,6
	1517 Terra de Soneira	55,6	54,8	54,2	53,6	53,2
	1518 Xallas	41,4	40,9	40,3	40	39,5

TERRITORIO	ÁREAS	2005	2006	2007	2008	2009
Lugo		36,3	36,2	36	36,1	36
	2701 Os Ancares	12,5	12,2	11,9	11,7	11,5
	2702 Chantada	34,9	34,2	33,7	33,2	33
	2703 A Fonsagrada	10,2	9,9	9,8	9,6	9,3
	2704 Lugo	85	85,7	86,1	87	87,7
	2705 A Mariña Central	60,6	60,6	60,7	61	61,3
	2706 A Mariña Occidenta	55,7	55,4	55,5	55,9	55,9
	2707 A Mariña Oriental	43,2	43,5	43,5	43,7	43,8
	2708 Meira	19,9	19,7	19,4	19,2	18,8
	2709 Quiroga	11,8	11,4	11,1	11	10,7
	2710 Sarria	30,5	30,4	30,2	30	29,8
	2711 Terra Chá	25,6	25,4	25,2	25	24,8
	2712 Terra de Lemos	36,8	36,4	36	35,9	35,7
	2713 A Ulloa	25,4	25,1	24,7	24,6	24,7
Ourense		46,7	46,6	46,3	46,2	46,1
	3201 Allariz Maceda	39,6	39,3	39,3	39,7	39,7
	3202 Baixa Limia	17,4	17,1	17	16,5	16,2
	3203 O Carballiño	54,1	54,1	53,9	53,9	53,7
	3204 A Limia	30,3	30,2	29,8	29,7	29,5
	3205 Ourense	231,6	232,4	231,5	231,7	233,4
	3206 O Ribeiro	49,5	48,6	48,3	48,1	47,4

TERRITORIO	ÁREAS	2005	2006	2007	2008	2009
	3207 Terra de Caldelas	13,4	13,1	12,9	12,5	12
	3208 Terra de Celanova	43,2	42,6	42,5	42,2	41,6
	3209 Terra de Trives	12,7	12,5	12,1	11,9	11,6
	3210 Valdeorras	29,9	29,8	29,7	29,5	29,4
	3211 Verín	28,5	28,5	28,3	28,3	28,3
	3212 Viana	9,8	9,7	9,6	9,4	9,4
Pontevedra		208,8	209,8	210,8	212,1	213,5
	3601 O Baixo Miño	148,8	151,6	153,4	154,9	157,4
	3602 Caldas	122	121,8	121,6	122,3	122,7
	3603 O Condado	117,9	120,4	122,3	124,4	125,9
	3604 Deza	44,1	43,9	43,7	43,9	43,9
	3605 O Morrazo	582,1	585,4	585	586,4	590,3
	3606 A Paradanta	51,4	50,9	50,4	49,9	49,3
	3607 Pontevedra	192,3	193,9	194,4	195,7	197,3
	3608 O Salnés	390,8	394,9	397,1	400,6	402,9
	3609 Tabeiros-Terra de Montes	54,8	54,5	54,3	54	53,7
	3610 Vigo	674,9	676,7	681,5	685,6	690,8

Persoas/km²

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

O día 25/03/2009 modificáronse datos do ano 2008 ao detectarse erros en algún concello

DESIGUALDADE DE RENDA INTRARREXIONAL (DENTRO DE GALICIA)

Estudárase as diferenzas no nivel de renda que teñen os fogares entre as diferentes áreas de Galicia.

Indicadores: Ingreso mensual medio por fogar e Ingreso mensual mediano por fogar.

Fórmulas: O ingreso medio é o ingreso que resulta de repartir equitativamente o total de ingresos mensuais de todos os fogares entre o total de fogares. O ingreso mediano é aquel ingreso tal que o 50% dos fogares teñen un ingreso mensual menor que dito valor e outro 50% teñen un ingreso mensual maior.

Desagregación xeográfica: Galicia, provincias e áreas.

Fonte: IGE. Condicións de vida das familias. Módulo xeral.

Interpretación: O desexable é que a renda mensual vaia aumentando ao longo do tempo e as diferenzas entre áreas dentro de Galicia sexan cada vez menor.

CONCENTRACIÓN DA RENDA INTRARREXIONAL (ÍNDICE DE GINI)

O índice de Gini da unha medida resumo da maior ou menor concentración da renda entre as diferentes persoas dun colectivo. Para o seu cálculo utilízase o ingreso equivalente por persoa sendo este o ingreso equivalente do fogar ao que pertence. Canto máis preto esta de 0 maior equidade na distribución da renda (moita xente con rendas moi parecidas) e canto mais preto de 1 máis concentrada esta a renda (é dicir pouca xente ten grande cantidade de renda sendo esta moi diferente ao resto que tería pouca).

Indicador: Índice de Gini.

Fórmula: A Enquisa Condicións de vida das familias (ECV) facilita este índice obtido a nivel de provincia.

Desagregación xeográfica: Galicia e provincias.

Fonte: IGE. Condicións de vida das familias. Módulo xeral.

Interpretación: O desexable é que o índice vaia a menos e ademais que non teñamos diferenza entre eles.

DENSIDADE DE POBOACIÓN

Indicador: Densidade de poboación.

Fórmula: Número de persoas en cada área entre a superficie (Km²) desta.

Desagregación xeográfica: Galicia, provincias e áreas.

Fonte: IGE. INE. Padrón Municipal de Habitantes.

Interpretación: O desexable é que a densidade sexa canto máis homoxénea mellor. Valores altos de densidade favorecen a conectividade desa rexión co resto de rexións pero fai preciso un nivel desenvolvido de servizos de transporte públicos dentro da rexión para que non se colapsen as infraestruturas con esa concentración. Os valores baixos tampouco son desexables xa que están asociados a servizos infrutilizados.

**DESENVOLVEMENTO
COMPARADO CO ÁMBITO
SUPRARREXIONAL**

Os indicadores desta dimensión pretenden medir as diferenzas (económicas e sociais) de Galicia comparada co España, UE ou coas zonas limítrofes

As diferenzas entre produto interior bruto (valor) entre países, despois da conversión a unha unidade de conta común, non só se deben a diferenzas no volume da produ-

ción senón tamén a diferenzas nos niveis de prezos, podendo contribuír este último factor de xeito moi importante. Así pois para realizar comparacións internacionais sobre o PIB e outros agregados económicos empréganse uns factores de conversión que os transforman dende a moeda corrente do país a nunha moeda artificial chamada paridade de poder adquisitivo PPA (Purchasing power standard -PPS) que trata de equiparar os niveis de vida entre os países que permitan comparacións mais homoxéneas.

**RENDA DISPOÑIBLE DOS FOGARES POR REXIÓNS NUTS 2
 (PARIDADES DE PODER BASADAS NO CONSUMO FINAL POR HABITANTE)**

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
ESPAÑA												
Galicia	7.635	8.070	8.507	8.896	9.782	10.296	10.985	11.186	11.495	12.308	13.086	13.750
Principado de Asturias	8.180	8.685	9.252	9.482	10.747	11.422	12.246	12.378	12.787	13.831	14.911	15.836
Cantabria	8.655	9.049	9.731	10.272	11.340	12.018	12.915	12.997	13.345	14.351	15.093	15.593
Pais Vasco	10.480	11.164	12.000	12.672	14.106	14.947	15.846	16.081	16.564	17.649	18.811	19.641
Comunidad Foral de Navarra	10.713	11.266	11.761	12.171	14.414	15.180	16.037	16.043	16.548	17.494	18.303	19.409
La Rioja	9.815	10.467	11.029	11.460	13.112	13.588	14.158	14.157	14.356	14.798	15.509	15.594
Aragón	9.597	10.112	10.468	10.861	12.339	12.950	13.946	13.951	14.161	14.983	15.809	16.271
Comunidad de Madrid	10.215	10.849	11.635	12.214	14.255	14.835	15.443	15.314	15.742	16.542	17.315	17.638
Castilla y León	8.637	9.155	9.567	9.967	10.997	11.814	12.433	12.561	12.893	13.751	14.744	15.266
Castilla la Mancha	7.542	7.944	8.453	8.728	9.544	10.106	10.746	10.756	10.851	11.352	11.768	12.198
Extremadura	6.343	6.703	7.168	7.595	8.315	8.875	9.429	9.533	9.773	10.561	11.196	11.723
Cataluña	10.183	10.586	11.059	11.670	13.268	13.761	14.468	14.561	14.859	15.694	16.206	16.651
Comunidad Valenciana	8.355	8.949	9.433	9.865	11.190	11.580	12.074	12.016	12.082	12.571	13.014	13.339
Illes Balears	10.256	11.045	11.507	11.808	13.649	14.171	14.580	14.173	14.456	15.022	15.529	15.742
Andalucía	6.988	7.353	7.738	8.096	8.940	9.453	9.999	10.118	10.319	10.961	11.424	11.769
Región de Murcia	7.173	7.711	8.143	8.453	9.620	10.090	10.875	10.545	10.560	11.176	11.447	11.853
Ciudad Autónoma de Ceuta (ES)	:	:	:	:	10.727	11.016	11.772	12.303	12.898	13.928	14.663	14.998
Ciudad Autónoma de Melilla (ES)	:	:	:	:	10.781	11.319	11.966	12.176	12.937	13.803	14.756	14.921
Canarias (ES)	8.006	8.392	8.943	9.637	10.528	10.965	11.580	11.527	11.600	12.120	12.621	13.072
PORTUGAL												
Norte	6.578	6.770	6.901	7.354	7.866	8.154	8.125	8.305	8.471	8.940	9.310	9.470
Algarve	8.183	8.411	8.586	9.330	10.066	10.526	10.515	10.998	10.922	11.518	12.027	12.082
Centro (PT)	6.901	6.959	7.227	7.903	8.505	8.818	8.753	9.129	9.255	9.775	10.197	10.275
Lisboa	9.000	9.646	10.156	10.891	11.674	12.033	12.378	12.680	12.852	13.733	14.111	14.374
Alentejo	7.127	7.401	7.502	7.879	8.538	8.654	9.024	9.387	9.570	9.964	10.489	10.586
Região Autónoma dos Açores (PT)	6.504	6.759	7.088	7.758	8.463	9.012	9.111	9.474	9.577	10.219	10.623	10.740
Região Autónoma da Madeira (PT)	6.968	7.373	7.647	8.197	8.759	9.140	9.810	10.330	10.746	11.171	11.570	11.351

Fonte: Eurostat

**PIB REGIONAL
(PARIDADES DE PODER DE COMPRA EN% DE LA MEDIA UE-27)**

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
ESPAÑA												
Galicia	74,4	74,7	75,6	75,9	75,6	76,1	78,7	80,0	81,2	83,4	86,7	88,8
Principado de Asturias	79,9	79,0	81,1	79,2	81,4	82,7	85,3	86,1	87,1	90,1	94,6	96,9
Cantabria	84,7	85,2	87,8	89,1	91,0	93,3	97,0	97,3	98,2	100,5	103,4	105,4
Pais Vasco	109,3	111,4	115,4	117,9	119,3	120,3	123,5	124,7	126,1	129,3	134,4	136,8
Comunidad Foral de Navarra	116,9	119,4	121,0	121,5	123,9	123,5	126,7	126,8	126,9	128,3	131,2	132,2
La Rioja	105,0	107,1	109,3	109,4	110,9	109,8	110,4	111,5	109,5	109,7	112,0	112,0
Aragón	99,7	101,1	101,3	100,4	101,8	102,5	106,8	107,7	107,7	108,9	112,1	114,4
Comunidad de Madrid	120,7	123,1	128,5	130,4	132,3	132,5	134,0	133,1	132,4	133,2	136,7	136,8
Castilla y León	87,5	86,8	87,3	87,8	88,1	88,9	92,2	93,8	94,9	96,6	99,5	101,4
Castilla la Mancha	75,7	75,7	77,3	76,4	76,5	77,1	78,8	79,7	78,9	79,7	81,3	81,5
Extremadura	58,9	58,8	59,9	61,0	62,0	62,6	65,0	66,2	67,1	69,3	71,0	72,4
Cataluña	113,3	114,4	115,8	117,7	118,6	119,6	121,9	121,6	120,9	120,8	123,4	123,3
Comunidad Valenciana	87,7	89,8	92,4	93,0	93,9	94,8	96,1	95,2	94,2	94,1	95,9	95,3
Illes Balears	111,3	115,2	117,2	119,1	119,9	119,1	119,0	115,6	114,0	113,7	114,9	113,8
Andalucía	68,6	69,3	70,1	70,3	71,8	72,6	75,2	76,9	77,8	79,2	81,1	81,2
Región de Murcia	75,9	78,0	79,8	79,8	81,7	82,2	84,6	85,4	84,8	86,1	87,4	86,9
Ciudad Autónoma de Ceuta (ES)	75,6	76,6	80,0	81,7	83,0	82,6	86,0	89,2	90,6	92,1	95,3	97,3
Ciudad Autónoma de Melilla (ES)	79,0	79,0	81,6	82,1	82,2	81,4	83,6	86,1	88,0	90,6	94,5	94,5
Canarias (ES)	88,1	88,8	91,2	93,9	92,3	92,5	94,2	94,4	92,9	92,5	93,3	92,8
PORTUGAL												
Norte	63,8	63,6	62,8	64,9	63,4	63,5	62,3	61,0	59,1	61,0	60,6	60,3
Algarve	77,7	78,6	76,9	79,2	80,9	81,3	81,1	81,6	78,0	81,2	81,3	79,6
Centro (PT)	64,2	64,4	63,8	66,1	65,8	65,4	64,6	65,3	63,6	65,1	64,8	64,4
Lisboa	103,3	106,2	110,2	110,3	110,8	109,1	108,7	108,0	105,2	108,5	106,7	104,7
Alentejo	70,1	72,1	68,1	72,0	70,5	68,8	69,3	70,7	68,9	71,5	72,7	71,9
Região Autónoma dos Açores (PT)	59,6	59,0	57,8	61,7	62,7	64,7	66,1	67,3	65,3	68,1	68,7	67,6
Região Autónoma da Madeira (PT)	67,4	71,2	81,5	77,8	88,3	82,9	95,3	92,9	92,8	96,9	97,8	96,3

Fuente: Eurostat

RENDA ANUAL (MEDIA POR FOGAR) POR CCAA

	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Total Nacional	21.551	22.418	23.442	24.525	26.010	100,0%
Galicia	20.102	21.163	21.321	23.011	24.042	92,4%
Asturias (Principado de)	22.414	23.996	23.695	23.851	25.895	99,6%
Castilla y León	18.727	19.903	20.745	21.974	24.145	92,8%

Euros

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de condiciones de vida

DESENVOLVEMENTO COMPARADO COAS NUTS 2 LIMÍTROFES NO ÁMBITO EUROPEO

Indicadores: Renda dispoñible por habitante en PPA, produto interior bruto (por habitante en PPA en % do UE-27).

Fórmulas: Renda dispoñible en PPA entre o número de habitantes da rexión. Produto interior bruto en PPA por habitante $\times 100$ / PIB en PPA por habitante da UE-207.

Desagregación xeográfica: Galicia, Asturias, Castela e León e mais Norte de Portugal.

Fonte: EUROSTAT. Disposable income of private households, by NUTS 2 regions (PPS based on final consumption per inhabitant). EUROSTAT. Regional gross domestic product (PPS per inhabitant in % of the EU-27 average), by NUTS 2 regions.

Interpretación: A renda dispoñible representan os ingresos finais dos que dispoñen os fogares para o seu consumo e/ou aforro; está composta pola renda primaria (remuneración de asalariados e renda mixta) máis/menos os impostos, contribucións sociais e transferencias correntes a outros fogares.

O desexable é que a renda e o PIB per cápita se parezan ás das zonas limítrofes o que significaría que, por un lado, un habitante de Galicia dispón dunha renda similar ao seus veciños, e polo outro que a economía galega se atopa nun nivel de produtividade semellante.

DESENVOLVEMENTO COMPARADO COAS NUTS 2 LIMÍTROFES NO ÁMBITO ESTATAL

Indicador: Índice da renda anual media por fogar (España = 100).

Fórmula: (Renda anual media por fogar / Renda anual media por fogar España) * 100.

Fonte: INE. Encuesta de Condiciones de Vida.

Desagregación xeográfica: Galicia, outras CC. AA e España.

Interpretación: Este indicador permite comparar a renda media por fogar en Galicia con Asturias ou Castela León e cun fogar medio estatal. O desexable sería que a renda en Galicia crecese a un ritmo superior que o resto de comunidades para que as diferenzas sexan menores á vez que se aproximan ao valor da renda do fogar en España.

CONECTIVIDADE

Mide a cohesión territorial dentro de Galicia a través das diferentes infraestruturas físicas que permiten unha conexión física (estradas, ferrocarrís).

REDE FERROVIARIA

	2008								
	Sin electrificar		Electrificada		Total		%		
	Total	Vía única	Total	Vía única	Total	Vía única	Electrificada	Vía única	Vía dupla
Galicia	816,0	747,9	272,8	268,7	1088,8	1016,6	25,1	26,4	73,6
España	6433,9	6334,1	9116,1	4198,1	15550,0	10532,3	58,6	39,9	60,1

M. Fomento. Anuario 2008

REDE DE ESTRADAS

	2008					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
km de estrada por 1.000 km ² de superficie	547	643	463	776	593	326
km de estrada por 100.000 habitantes	381	1783	1002	366	630	358
km de estrada por 100 entidades singulares de poboación	41,8	64,9	91,4	55,8	58,3	268,3
Km estradas	4345	6338	3369	3486	17538	165093
Entidades	10392	9770	3684	6245	30091	61523

IGE. Galicia en cifras, Anuario 2008
 INE. Nomenclátor

ACCESO AOS SERVIZOS

Tentarase dar unha medida de cohesión territorial entendida como acceso de calquera cidadán aos servizos independentemente de onde resida.

Indicadores: Lares que poden acceder en menos de 15 minutos a pé á atención sanitaria básica, á escola e á paraxe de bus.

Fórmulas: Empregarase como variable proxy as vivendas que neste caso semella ser axeitada pola natureza do fenómeno por estudar. Porcentaxe de vivendas segundo a dispoñibilidade de centro de saúde ou ambulatorio a unha distancia que se pode cubrir en aproximadamente 15 min. Porcentaxe de vivendas segundo a dispoñibilidade de colexio de primaria público a unha distancia que se pode cubrir en aproximadamente 15 min. Porcentaxe de vivendas segundo a dispoñibilidade de parada de autobús a unha distancia que se pode cubrir en aproximadamente 15 min.

Desagregación xeográfica: provincias e Galicia

Fonte: IGE Enquisa de condicións de vida.

Interpretación: o desexable é que estas porcentaxes fosen crecendo e que as diferenzas entre provincias diminuíren lixeiramente.

FERROCARRÍS

Tentarase sintetizar o estado da infraestrutura e mais a súa calidade e funcionalidade con especial énfase na sustentabilidade do sistema (respecto polo entorno, diversificación de fontes enerxéticas...).

Indicadores: Electrificación e duplicación da vía.

Fórmulas: Porcentaxe de km de vías electrificadas. Porcentaxe de km de vía dupla = $100 - \% \text{ de km de vía dupla}$.

Desagregación xeográfica: Galicia e España.

Fonte: Ministerio de Fomento Anuario estadístico.

Interpretación: O desexable é que estas porcentaxes foren crecendo ata semellarse as de España.

ESTRADAS

Dada a dispersión da poboación de Galicia e a súa diferenciación territorial é conveniente presentar como a rede se integra no territorio e coa poboación.

Indicadores: Quilómetros de estrada por superficie, por habitante e por entidade de poboación. Vías de altas prestacións.

Fórmulas: Km de estrada por 1000 km² de superficie. Km de estrada por 100.000 habitantes. Km de estrada por entidades singulares de poboación. Km de estradas de máis de 7 metros de largo + Km de estradas de calzada dupla + Km de autovías e autoestradas libres + Km de autoestradas de peaxe.

Desagregación xeográfica: Provincias, Galicia e España.

Fonte: IGE Galicia en Cifras Anuario. INE Nomenclátor.

Interpretación: O desexable é que estes indicadores crezan sobre todo o de Km por entidades singulares o que se pode conseguir non incrementando o número de entidades. Os Km de estradas de altas prestacións tentan medir a conectividade fluída dentro de Galicia e co exterior.

TIC

As novas tecnoloxías de información favorecen a globalización e permiten o acceso a servizos e información situados nas diferentes localizacións a través da internet.

VIVIENDAS SEGUNDO TIPO DE EQUIPAMIENTO TECNOLÓXICO

PORCENTAXE	2007	
	Galicia	España
Con algún tipo de ordenador	53,6	63,6
Que dispoñen de acceso a internet	39,7	51,0
Con conexión de banda larga	31,8	44,6

IGE. Galicia en cifras. Anuario 2008

EMPRESAS CON CONEXIÓN A INTERNET E SITIO WEB

PORCENTAXE	2007	
	Galicia	España
Con conexión a internet e sitio web	55,1	58,9
Destas, as que teñen a posibilidade de realización de pedidos ou reservas en liña	10,2	12,1
Pagamentos en liña	2,1	4,7

IGE. Galicia en cifras. Anuario 2008

PERSOAL EN I+D

	2007			
	Galicia		España	
Sector Administración pública e ensino superior	5.392	62,3%	113.067	56,2%
Sector empresas e IPSFL	3.267	37,7%	88.042	43,8%
Total	8.659	100,0%	201.109	100,0%
PTE	1.154.518	0,8%	19.088.700	1,1%

IGE. Galicia en cifras. Anuario 2008

GASTOS INTERNOS EN I+D

	2007			
	Galicia		España	
Sector Administración pública e ensino superior	247.957	44,6%	5.867.438	44,0%
Sector empresas e IPSFL	307.668	55,4%	7.474.933	56,0%
Total	555.625	100,0%	13.342.371	100,0%
PTE	56.208.604	1,0%	1.052.730.000	1,3%

IGE. Galicia en cifras. Anuario 2008

ACCESO A INTERNET DOS CIDADÁNS

Dada a dispersión da poboación de Galicia é conveniente presentar como Internet se integra no territorio e coa poboación e como os cidadáns teñen acceso a ela dende o seu lar e en que condicións.

Indicadores: Lares con ordenador; Lares con acceso a internet; Lares con conexión de banda larga.

Fórmulas: Empregarase como variable 'proxy' as vivendas, que neste caso semella ser axeitada pola natureza do fenómeno por estudar; Porcentaxe de vivendas con algún tipo de ordenador; Porcentaxe de vivendas que dispoñen de acceso a internet; Porcentaxe de vivendas con conexión de banda larga (ADSL, RDSI, Rede de cable...).

Desagregación xeográfica: Galicia e España.

Fonte: IGE, Galicia en Cifras, Anuario, INE, Equipamiento y uso de tecnología de la información y comunicación en los hogares.

Interpretación: O desexable é que estes indicadores crezan. Os dous primeiros poden que estean preto da saturación. O terceiro con ser o máis interesante tamén é o máis vulnerable á obsolescencia. Por iso cobra máis importancia ter presente o sistema de indicadores da SXMIT da Presidencia da Xunta de Galicia.

ACCESO A INTERNET DAS EMPRESAS

Dado o cambio tecnolóxico que supón a internet cómpre estudar como está a empregarse nas empresas e sobre todo no que se ven denominando comercio electrónico.

Indicadores: Empresas con conexión a internet e sitio web; Empresas que teñen a posibilidade de realizar pedidos ou reservas en liña.

Empresas que teñen a posibilidade de realizar pagamentos en liña.

Fórmulas: Porcentaxe de empresas que teñen sitio web sobre o total de empresas con conexión a internet; Porcentaxe de empresas que teñen a posibilidade de realizar pedidos ou reservas en liña sobre o total de empresas con conexión a internet e sitio web; Porcentaxe de empresas que teñen a posibilidade de realizar pagamentos en liña sobre o total de empresas con conexión a internet e sitio web.

Desagregación xeográfica: Galicia e España.

Fonte: IGE, Galicia en Cifras, Anuario, INE, Encuesta de uso de tecnología de la información y comunicación y comercio electrónico en las empresas.

Interpretación: O desexable é que estes indicadores crezan. O primeiro pode que estea preto da saturación pero serve como base dos seguintes. Débese ter presente o sistema de indicadores da SXMIT da Presidencia da Xunta de Galicia.

RECURSOS DESTINADOS A I+D

Dada a importancia que ten a investigación, o desenvolvemento experimental e a innovación, e sobre todo a máis relacionada co sector empresarial cómpre estudar cantos recursos se están a destinar e como se empregan.

Indicadores: Gasto en I+D en relación ao PIB; Distribución deste gasto entre o sector público e o privado

Persoal dedicado en relación ao total do emprego; Distribución deste persoal entre o sector público e o privado.


Fórmulas: Gastos internos en I+D / PIB pm a prezos correntes; Porcentaxe dos gastos internos do sector empresas e IPSFL sobre o total.

2010  2014

Persoal dedicado a I+D en equivalencia a xornada completa / Postos de traballo equivalentes a tempo completo (Empleo equivalente total). Porcentaxe de persoal dedicado a I+D en equivalencia a xornada completa do sector empresas e IPSFL sobre o total.

Desagregación xeográfica: Galicia e España.

Fonte: IGE Galicia en Cifras Anuario, IGE Contas económicas anuais, INE Contabilidad nacional

Interpretación:  desexable é que estes indicadores crezan.


DETALLE DE ÁREAS

Galicia consta de 315 concellos, de moi diferentes tamaños que van dende Negueira de Muñiz con escasamente 200 habitantes ata Vigo con case 300.000; dificultando pois a dispoñibilidade de información neste ámbito. Por outro lado, a información referida a provincias resulta claramente insuficiente, polo que no IGE se desenvolveron as áreas,

que veñen sendo unha desagregación intermedia entre as comarcas e as provincias e que son as que empregaremos para analizar as diferenzas entre rexións dentro de Galicia.


ÁREAS


As áreas definidas en cada provincia son as seguintes:



PROVINCIA DA CORUÑA

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.





PROVINCIA DE LUGO

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarría.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

PROVINCIA DE OURENSE

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.



5.3 SISTEMA DE SEGUIMIENTO FINANCEIRO

Levarase a cabo polo cadro de mando a través do seguimento da execución financeira dos distintos programas de gasto.

